

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 13 DE OUTUBRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de outubro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte.- Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 5 de outubro de 2009 (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA.-**

“Visto o expediente tramitado a instancia de **Galicia Auto Estampacions S.A.U.** con domicilio no Parque Empresarial de San Cristovo, desta vila, para licencia de funcionamento dunha nave industrial adicada a autoestampacions nas parcelas núm. 27,28,29,30,31,32,33,34,35,36,37 e 38 da II Fase do Parque Empresarial de San Cristovo

Cumpridos os trámites e requisitos esixidos pola normativa urbanística:

1º.- Outorgamento de obras de data 24.03.08 segundo o proxecto de Execución e anexos redactado pola Enxeñería Eptisa, asinada pola enxeñeira industrial Dona Maria B. Garcia Varela, con visado de data 27.06.07.

2º.- Certificado final de dirección da obra firmado polo enxeñeiro industrial, Don Martin Dávila Ferreiro co visado do colexio oficial de enxeñeiros de data 01.10.09.

3º.-Cumprimento das esixencias impostas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), na súa Resolución de data 26 de decembro de 2007.

4º.- Informes técnicos municipais e visita de comprobación emitidos polo aparellador municipal de data 08.10.09, co teor literal que constan nos mesmos”.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza definitiva de apertura e funcionamento a **Galicia Auto Estampacions S.A.U.** con domicilio no Parque Empresarial de San Cristovo, desta vila, para actividade de nave industrial adicada a autoestampacions nas parcelas núm. 27,28,29,30,31,32,33,34,35,36,37 e 38 da II Fase do Parque Empresarial de San Cristovo, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 2.206,88 euros.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Resolución da Consellería de Traballo e Benestar, concedendo unha subvención para a construción dunha rampla de acceso e adaptación de baños na Casa dona Nona para CSS/Edf. Administrativo, por importe de 29.832,28 euros.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACION DE CONVENIOS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade presta aprobación o convenio de colaobración entre o Concello de Ribadavia e a Irmandade Deportiva Sarmiento, para a utilización do polideportivo municipal “O Consello” e pavillón municipal Maquians, para desenvolver actividades de baloncesto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade presta aprobación o convenio de colaobración entre o Concello de Ribadavia e a Asociación Deportivo Cultural Ribeiro, para a utilización do polideportivo municipal “O Consello” e pavillón municipal Maquians, para desenvolver actividades de balonman.

##### **CONCESION DE SUBVENCIONS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as seguintes subvencións:

Asociación A Chairiña, en concepto de participación na Cabalgata de Reis 2009, por importe de 600 euros.

Asociación de Veciños de Val de Pereira, en concepto de participación na Cabalgata de Reis 2009(2 carrozas), por importe de 1.800 euros.

Asociación Cultural RISC, en concepto de participación na Cabalgata de Reis 2009, belén viviente, por importe de 300 euros.

#### **CONCERTACION DE OPERACION DE FACTORING.-**

“Examinado o expediente incoado para concertar unha operación dun anticipo de subvencións vía factoring do 30% final pendente de cobrar do Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de 286.190,10 euros, subvención concedida polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial.

De conformidade coa Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2007, polo que se delega a competencia da contratación de ditas operacións na Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta da Alcaldía obrante no expediente, por unanimidade acorda o seguinte:

#### **A C O R D O**

1º.- Concertar coa Entidade Financiera : Banco Bilbao Vizcaya Argentaria Factoring, o contrato de factoring da referida subvención por importe de 286.190,10 euros, nas condicións do documento anexo e en particular as seguintes características.

a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 3 meses + 0,85 puntos.

b) Comisión de apertura e estudo: 0,15%.

2º.- Facultar o Sr. Alcalde para asinar o devandito contrato de factoring e cantos documentos sexan precisos para a formalización do presente acordo”.

#### **CONCERTACION DE OPERACION DE TESOURERIA.-**

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de tesourería e achado conforme, en harmonía co informe da Intervención e vistos os artigos 51 e 52 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de conformidade co acordo plenario de 28 de xuño de 2007, polo que se delega a competencia da contratación de operacións de tesourería na Xunta de Goberno Local cando, pola súa cuantía, excedan dos límites de competencia da Alcaldía-Presidencia, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta da Alcaldía obrante no expediente, por unanimidade acorda o seguinte:

#### **A C O R D O**

Concertar coa Entidade Financiera : Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 497.681,55 euros, coas seguintes características.

a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 3 meses + 0,85 puntos.

b) Comisión de apertura: 0%.

c) Comisión de non disponibilidad: 0%.

d) Prazo: Un ano.

e) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do Concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**CERTIFICACIÓN Nº4 DA OBRA DENOMINADA RENOVACION DE INSTALCIIONS, DOTACION DE NOVOS SERVIZOS E PAVIMENTACION DE DIVERSAS RUAS NO NUCLEO URBANO.-**

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 4 da obra denominada “Renovación de instalacións, dotación de novos servizos e pavimentación de diversas rúas no núcleo urbano”, redactada polo técnico director da obra Don Casimiro Fontenla Bugallo, executada pola empresa Construccións Hermanos Carrajo S.A. por un importe total de 32.999,78 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 4, anteriormente indicada por importe de 32.999,78 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversion Local do Ministerio de Administracions Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A. co nº 957 , de data 30.09.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracions Públicas.”

**PROGRAMA DE REHABILITACION INTEGRAL ACTUACIONES ANO 2009-2010. CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA E A.R.I. DE SAN CRISTOVO.-**

En relación co financiamento de actuacións de Rehabilitación encabadas na Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia declarada no marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito o 1 de xullo de 2009 entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Vivenda para aplicación do Plan Estatal 2009-2012, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a Memoria e orzamento das actuacións relativas o 10º Programa de Rehabilitación Integral. Actuacións ano 2009 do Casco Histórico de Ribadavia e A.R.I. San Cristovo, redactada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia.

SEGUNDO.- Aprobar a Memoria e orzamento das actuacións relativas o 11º Programa de Rehabilitación Integral. Actuacións ano 2010 do Casco Histórico de Ribadavia e A.R.I. de San Cristovo, redactada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo a Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda.

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 31 de agosto de 2009, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se convocan para o ano 2009 as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito da colaboración coas entidades locais.”

### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

SOGAMA, servizo de tratamento de residuos sólidos urbanos, xaneiro 2008, planta de Beade, por importe de 9.513,17 euros.

CONGALLE S.L., servizo de recollida de R.S.U. correspondente o mes de abril de 2009, por importe de 7.054,47 euros.

CATOURE S.L., traballos de asistencia técnica a recadación (factura 206/2008), por importe de 6.358,67 euros.

MUNDO MUSICAL GONDOMAR S.L., actuación de orquestras nas Festas do Portal 2009, por importe de 12.992 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

### **CONTRATO MENOR DE OBRAS.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Concelleiro de Obras Públicas Don José Prieto Pérez relativo a contratación de “Rampla de acceso e adaptación de baños na casa de Dona Nona para CSS/Edf. Administrativo” a empresa CONSTRUCCIONES VAZQUEZ FIDALGO S.L.. por importe de 39.776,37 euros.

No expediente constan os seguinte elementos:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar de conformidade co art. 49 da Lei 30/2007.
- Acreditación da capacidade xurídica de acordo co art. 43 da Lei 30/2007.
- Acreditación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación da obra a empresa CONSTRUCCIONES VAZQUEZ FIDALGO S.L., autorizando un gasto polo importe de 39.776,37 euros, que deberá executar as obras de conformidade coa Memoria aprobada.

**APROBACION DE PLANO DE SEGURIDADE E SAUDE.-**

“A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe do Coordinador en materia de seguridade e saúde, por unanimidade, presta aprobación o Plan de Seguridade e Saúde da Rehabilitación de tres construcións existentes para uso hoteleiro no casco histórico de Ribadavia, obra promvida polo Concello de Ribadavia a traves do Obradoiro de Emprego “Abobriga”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO